

**INFORME CLIMATOLÓGICO
MES DE OUTUBRO DE 2016**

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN	3
2	DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES	4
3	ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA	5
4	RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.	7
5	TEMPERATURA	11
5.1.	Temperatura media das máximas.	11
5.2.	Temperatura media das mínimas.....	12
5.3.	Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.....	13
5.4.	Evolución da temperatura media no período 1961-2016.....	17
6	PRECIPITACIÓN	19
6.1.	Precipitación acumulada mensual Outubro2016	19
6.2.	Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.....	20
6.3.	Días de chuvia en outubro de 2016	21
6.4.	Evolución da precipitación en outubro de 2016	23
7	VENTO	24
8	RADIACIÓN SOLAR	28
8.1.	Mapa de irradiación solar mensual.....	28
8.2.	Anomalía de insolación con respecto ó valor normal	29
9	RAIOS.....	30

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 21-11-2016

Mes moi seco e cálido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de outubro quedou marcado pola persistencia das situacións anticiclónicas, principalmente a principios e finais do mes, con soamente dous períodos de chuvia no medio. Isto configurou un mes cun significativo déficit de chuvia e con temperaturas que en media estiveron por riba das habituais.

Así, o mes comezaba nos primeiros 5 días cunha situación intermedia, na que as borrascas profundas do Atlántico norte non chegaban a afectarnos, pero as altas presións estaban moi afastadas da Comunidade. O máis salientable foi a instalación, a partir do día 3, dun centro de altas presións sobre Escandinavia.

Este anticiclón foi o responsable de bloquear o paso das seguintes borrascas, polo que a situación no período entre o 6 e o 10 foi de tempo estable, seco, moi soleado polas tardes e con temperaturas que en xeral superaban os 20°C e en particular en puntos da metade sur os 25°C. Neste período compre salientar tamén a ampla oscilación térmica típica dos días despexados en outono e inverno, xa que as temperaturas mínimas estiveron en xeral por debaixo dos 10°C.

O día 11 foi unha xornada de transición xa que as baixas presións fóronse achegando a Galicia, polo que tivemos un día de aumento de nubes e chuvias que durante a tarde tiveron un carácter xeneralizado. Esta baixa estivo practicamente na vertical de Galicia nas xornadas do 12 e o 13 polo que o tempo foi variable, con chuvascos intermitentes, irregularmente repartidos, localmente fortes e acompañados ocasionalmente de aparato eléctrico.

O día 14 foi de transición, con chuvias escasas e apertura de claros, pero no día 15 chegaba unha nova borrasca que se situaba sobre Irlanda e deixaba dúas xornadas, 15 e 16, de tempo outonal, con ceo nubrado, temperatura por debaixo dos 20°C e chuvia, non moi cuantiosa pero si bastante xeneralizada.

O 17 tivemos de novo unha transición, pero desta volta cara a unha situación anticiclónica que se prolongou ata o día 21. Esta situación deixou tempo seco, néboas persistentes polas mañás, pero ceos abertos polas tardes. Sen embargo, os ventos do nordés non permitiron que as temperaturas fosen elevadas, superándose os 20°C na metade sur, pero quedando en xeral lonxe dos 25°C.

A derradeira borrasca do mes a tivemos nas xornadas do 22 e 23, cun centro de baixas presións que se foi movendo de norte a sur, deixando ao seu paso chuvias concentradas principalmente na noite do 22 e madrugada do 23.

A partir do 24 quedamos fora do seu radio de acción, aínda que durante as tardes do 24 e 25 aínda tivemos nubes na metade sur e algún chuvasco illado e ocasional.

Entre o 26 e o 31 a situación meteorolóxica estivo presidida por un potente anticiclón, localizado ao norte da península Ibérica, que non soamente deixou estabilidade senón que ademais achegou aire cálido procedente do norte de África, polo que as temperaturas foron moi elevadas para a época do ano durante as tardes, destacando ás do 26, 27 e 28 cando os termómetros superaban os 25°C na meirande parte de Galicia, chegando de xeito illado a rexistrarse un valor superior aos 30°C en Leiro na tarde do 27.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Nos mapas de anomalías de presión tanto en superficie (figura 1) como en 500 hPa (figura 2) pódese observar como as anomalías positivas céntranse ao norte da península Escandinava. A presenza de presións máis altas do normal nesa zona fai que as borrascas que normalmente nesta época deberían ocupar esas posicións queden bloqueadas ou se despracen máis ao sur, tal como se ve nas anomalías negativas na presión en superficie ao sur de Groenlandia e ao norte das Canarias.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar. Outubro 2016




Figura 1: Anomalías de presión en superficie.

Anomalías de xeopotencial no nivel de 500 hPa. Outubro 2016




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

A CORUÑA

	OUTUBRO 2016 CTH/CEC	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.4/16.7	16.0	18.8 (2014)	12.6 (1974)
Tª mínima media	13.4/13.1	13.0	15.4 (2014)	10.2 (1974)
Tª mínima absoluta	11.4/11.1 (día 3)	6.0 (19/10/1992)		
Tª mínima máis alta	15.3/14.8 (día 16)	19.6 (07/10/2012)		
Tª máxima media	19.4/20.2	18.9	22.1 (2014)	15.0 (1974)
Tª máxima absoluta	22.6/24.5 (día 28)	31.5 (02/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.9/15.9 (día 13)	11.8 (31/10/2008)		
Precipitación acumulada	48	93-129	309 (1990)	0 (1941)
Días de chuvia (≥1mm)	9	13	23 (1960)	0 (1941)

Comentario: Mes cálido tendo en conta as temperaturas medias y mínimas, mentres que para as máximas o mes considérase moi cálido.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco, isto reflíctese tamén no número de días de chuvia moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2016 Temperatura: 1948-2016

SANTIAGO

	OUTUBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.0	14.9	17.4 (1997)	12.3 (1992)
Tª mínima media	11.0	10.6	13.2 (1997)	8.5 (1992)
Tª mínima absoluta	6.8 (día 1)	-0.5 (18/10/1992)		
Tª mínima máis alta	14.7 (día 29)	18.7 (10/10/1997)		
Tª máxima media	21.0	19.2	22.7 (2011)	16.0 (1992)
Tª máxima absoluta	27.6 (día 28)	31.9 (13/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	15.3 (día 15)	11.5 (25/10/2003)		
Precipitación acumulada	104	165-215	604 (1987)	3 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	9	14	23 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as temperaturas máximas e medias. Para as mínimas o mes quedou cálido.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, ademais dun número de días de chuvia moito menor do agardado, isto fai que o mes se considere moi seco.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2016. Temperatura: 1982-2016

LUGO

	OUTUBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	14.5	13.3	16.0 (2014)	9.3 (1974)
Tª mínima media	8.5	8.3	10.8 (1994)	5.5 (1974)
Tª mínima absoluta	3.8 (día 24)	-2.0 (19/10/1980)		
Tª mínima máis alta	12.6 (día 19)	16.4 (01/10/2001)		
Tª máxima media	20.6	18.2	23.1 (2011)	13.2 (1974)
Tª máxima absoluta	27.0 (día 28)	31.7 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	14.9 (día 13)	9.0 (31/10/1983)		
Precipitación acumulada	48	103-131	3932 (1987)	10 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	9	12	24 (1987)	2 (2007)

Comentario: Mes moi cálido para as temperaturas medias e máximas, mentres que a normalidade mantívose nas mínimas.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. O número de días de chuvia tamén foi moito menor do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2016. Temperatura: 1981-2016

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	OUTUBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.8	15.5	18.7 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	11.8	10.7	13.8 (2014)	6.7 (1974)
Tª mínima absoluta	7.4 (día 14)	1.2 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	15.1 (día 28)	19.0 (06/10/2009)		
Tª máxima media	21.8	20.4	23.8 (1989)	16.4 (1974)
Tª máxima absoluta	26.6 (día 28)	33.3 (14/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	17.1 (día 13)	10.8 (12/10/1972)		
Precipitación acumulada	92	179-221	596 (1987)	7 (2007)
Días de chuvia (≥1mm)	9	13	24 (1987)	1 (2007)

Comentario: Mes moi cálido tendo en conta as máximas e as medias, mentres que foi cálido para as mínimas.

A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, resultando un mes moi seco, isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, moi inferior ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2016

OURENSE

	OUTUBRO 2016	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie*	valor mínimo da serie*
Tª media	16.6	15.6	18.2 (2014)	11.6 (1974)
Tª mínima media	10.0	9.6	12.5 (1981)	4.9 (1974)
Tª mínima absoluta	5.8 (día 3)	-2.0 (31/10/1974)		
Tª mínima máis alta	15.3 (día 19)	19.6 (10/10/1997)		
Tª máxima media	23.2	21.6	25.9 (2011)	17.8 (1987)
Tª máxima absoluta	28.5 (día 28)	34.3 (12/10/2011)		
Tª máxima máis baixa	17.3 (día 13)	7.0 (26/10/1976)		
Precipitación acumulada	53	85-129	282 (1987)	5 (1974)
Días de chuvia (≥1mm)	8	10	24 (1987)	2 (2007)

***Comentario:** Mes cálido tendo en conta as máximas e as medias, mentres que para as mínimas o mes resultou normal nesta localidade.*

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, considerándose o mes moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, inferior ao agardado.

** Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2016*

5 TEMPERATURA

As temperaturas estiveron en xeral por riba do agardado para a época do ano, xa que as borrascas non foron moi frías e os anticiclóns dos primeiros e derradeiros días do mes achegaron aire cálido e polo tanto as temperaturas foron elevadas nesas xornadas, arrastrando o valor da media do mes. Isto foi máis acusado nas máximas que nas mínimas, que en moitos lugares acadaron valores moi próximos aos normais.

5.1. Temperatura media das máximas.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de outubro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 19.4 °C. Os valores máis baixos rexistráronse en Manzaneda e Pena Trevinca, con valores próximos aos 9.9 °C. Os valores máis altos (preto dos 24.5 °C) rexistráronse principalmente no Miño Ourenzá.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de outubro de 2016.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de outubro para o territorio galego foi de 9.4 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados na Baixa Limia e nas zonas altas da montaña ourensá, cun valor moi próximo aos 3.8 °C e os máis altos na comarca de Vigo, onde se acadaron preto dos 16°C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de outubro de 2016.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de outubro, tendo en conta a media dos valores do mapa, presentou unha anomalía de 1.5 °C. Como se pode ver no mapa da figura 5, practicamente toda da Comunidade presentou valores por riba dos normais, con excepción da Mariña Luguesa e a comarca de Bergantiños onde se mantiveron na normalidade. En canto as anomalías máis altas, destaca principalmente a o Baixo Miño, a comarca de Caldas e a metade leste de Galicia, con valores entorno aos 3 °C de anomalía positiva.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de outubro respecto ao período 1981-2010.

A táboa 1 mostra as anomalías máis altas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. Como se pode ver, as anomalías máis elevadas, déronse principalmente na comarca de Sarria, o Baixo Miño e Caldas de Reis.

Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.6
Triacastela	Lugo	2.6
Vilariño de Conso	Ourense	2.5
Caldas de Reis	Pontevedra	2.5
Samos	Lugo	2.4
Ribas de Sil	Lugo	2.4
San Xoán de Río	Ourense	2.3
Tui	Pontevedra	2.3
Gondomar	Pontevedra	2.3
Quiroga	Lugo	2.3

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de outubro de 2016.

Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010		
Concello	Provincia	Anomalía (°C)
Burela	Lugo	-0.2
Foz	Lugo	0.0
Ribadeo	Lugo	0.2
Malpica de Bergantiños	A Coruña	0.2
Barreiros	Lugo	0.2
Xove	Lugo	0.2
Lourenzá	Lugo	0.2
Cervo	Lugo	0.2
Ponteceso	A Coruña	0.2
Coruña (A)	A Coruña	0.3

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de outubro de 2016.

A táboa 2 amosa as anomalías máis baixas rexistradas nos concellos galegos, con respecto ao período climático 1981-2010. Na Mariña Luguesa e Bergantiños as anomalías mostran unha temperatura media que foi normal nestas localidades.

Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2016 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas do 28 e 29 tiveron máximas especialmente altas para a época do ano.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
28/10/2016	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	30.8
27/10/2016	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	30.6
27/10/2016	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	29.6
28/10/2016	Pazo de Galegos	Vedra	A Coruña	29.5
28/10/2016	Mabegondo	Abegondo	A Coruña	29.2
08/10/2016	Remuíño	Arnoia	Ourense	29.1
27/10/2016	Vigo	Vigo	Pontevedra	29.0
28/10/2016	Sergude	Boqueixón	A Coruña	29.0
27/10/2016	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	29.0
28/10/2016	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	28.9

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2016 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
06/10/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	25.3
28/10/2016	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	24.4
29/10/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	24.3
28/10/2016	Xurés	Muiños	Ourense	23.9
29/10/2016	O Cebreiro	Pedrafito do Cebreiro	Lugo	22.9
28/10/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	22.7
03/10/2016	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	20.5
29/10/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	20.4
29/10/2016	Alto do Poio	Pedrafito do Cebreiro	Lugo	20.0
28/10/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	19.5

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de outubro de 2016 a altitude outubro de 1000 m.

Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de outubro de 2016 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. Destaca a xornada do 14 de outubro por riba dos 1000 m, por debaixo desta altitude, foron moitas as xornadas de temperaturas mínimas máis baixas.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2016				
por enriba dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
14/10/2016	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-0.7
14/10/2016	Xares	A Veiga	Ourense	0.3
14/10/2016	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	1.3
02/10/2016	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	1.6
02/10/2016	Corzos	A Veiga	Ourense	2.2
14/10/2016	Ancares	Cervantes	Lugo	2.2
14/10/2016	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	2.8
24/10/2016	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	3.1
21/10/2016	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	3.3
14/10/2016	Serra do Eixe	O Barco de Valdeorras	Ourense	3.8

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2016 altitude superior a 1000 m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2016				
por debaixo dos 1000m de altitude				
Data	estación	Concello	Provincia	TA (°C)
03/10/2016	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-2.3
03/10/2016	Verín-Vilela	Verín	Ourense	0.4
31/10/2016	Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	0.6
02/10/2016	Lanzós	Vilalba	Lugo	0.8
11/10/2016	Baltar	Baltar	Ourense	0.9
02/10/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	1.5
14/10/2016	Coto Muiño	Zas	A Coruña	1.8
31/10/2016	Morelle	Sarria	Lugo	2.0
10/10/2016	Castro De Rei	Castro de Rei	Lugo	2.2
03/10/2016	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	2.4

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de outubro de 2016 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2016.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016 para esta serie foi 15.6 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2016 para outubro.

A anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de 1.16 °C e fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. O ano máis próximo cunha anomalía claramente superior foi o ano 2014, que tamén resultou o que presentou a anomalía máis alta da serie.

A descrición do mes para a temperatura media como moi cálida debeuse principalmente as máximas, cunha anomalía positiva para a serie rexional de 1.78 °C, resultando un mes moi cálido nesta variable. As mínimas, sen embargo, presentaron unha anomalía de tan só 0.53°C, pero suficiente para considerar o conxunto de Galicia como cálido para esta variable.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en outubro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias estiveron moi por debaixo das que agardaríamos nun mes con precipitacións próximas ao valor climatolóxico. Soamente 3 borrascas conseguiron achegarse ata a nosa Comunidade durante este mes e, salvo en momentos puntuais como a noite do 22 e a madrugada do 23, non foron moi intensas. En xeral podemos dicir que as chuvias estiveron por debaixo da metade das normais..

A chuvia media no mes de outubro, obtida a partir dos valores do mapa, foi de 63 L/m². Foron moi significativos os valores mensuais acadados na comarca do Condado onde, por exemplo, a estación meteorolóxica de Fornelos de Montes rexistrou 159 L/m². Os valores máis baixos déronse rexistráronse nas localidades limítrofes ca ribeira do Sil, nos que tan só se rexistraron uns L/m².

6.1. Precipitación acumulada mensual Outubro2016




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de outubro de 2016.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pode verse o porcentaxe de precipitación no mes de outubro con respecto a os valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. As porcentaxes máis altas déronse no oeste da Comunidade e na zona da Serra do Xistral, pero inda así choveu ata un 35% por debaixo do normal. Na comarca de Valdeorras principalmente, a precipitación rexistrada foi moi escasa, mentres que no conxunto da Comunidade, segundo os valores do mapa, choveu ata un 64% menos do normal, co que o mes considérase moi seco.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de outubro de 2016.

6.3. Días de chuvia en outubro de 2016

O número medio de días de chuvia (maior ou igual a 1 L/m²) foi de 8. Os valores máximos obtivéronse principalmente nas comarcas na Mariña Luguesa, onde se rexistraron nalgúns casos máis de 10 días de chuvia. Os valores máis baixos déronse principalmente nas comarcas de Valdeorras e Viana, onde algunhas localidades estiveron preto dos 3 días de chuvia.




Figura 10: Días de chuvia superior a 1 L/m² durante o mes de outubro de 2016.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de outubro. Os rexistros máis altos de precipitación déronse na xornada do 22, na que se rexistraron valores de precipitación principalmente no litoral oeste da Comunidade..

Precipitacións acumuladas máximas en outubro de 2016			
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	159
Muralla	Lousame	A Coruña	153
Cespón	Boiro	A Coruña	144
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	144
Castrove	Poio	Pontevedra	128
Lesende	Lousame	A Coruña	124
Pereira	Forcarei	Pontevedra	121
A Armenteira	Meis	Pontevedra	119
Ponte Caldelas	Ponte Caldelas	Pontevedra	117
Illas Cíes	Vigo	Pontevedra	115

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de outubro de 2016.

Precipitacións máximas en 24 horas (L/m²)				
Estación	Concello	Provincia	Chuvia (L/m²)	Instante de inicio (UTC)
Lesende	Lousame	A Coruña	79	22/10/2016 17:50
Cespón	Boiro	A Coruña	68	22/10/2016 17:20
Tremoedo	Vilanova de Arousa	Pontevedra	64	22/10/2016 19:10
Muralla	Lousame	A Coruña	63	22/10/2016 14:00
AGándara	Vimianzo	A Coruña	60	22/10/2016 18:50
Costa	Rois	A Coruña	58	22/10/2016 17:20
Armenteira	Meis	Pontevedra	56	22/10/2016 19:00
Peredondo	Meis	Pontevedra	56	22/10/2016 19:10
Corón	Vilanova de Arousa	Pontevedra	54	22/10/2016 6:50
CMuiño	Zas	A Coruña	54	22/10/2016 19:30

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de outubro de 2016.

6.4. Evolución da precipitación en outubro de 2016

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2016, para esta serie, foi 61 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2016 para outubro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativa, foi dun 64 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi seco. Esta anomalía foi superior á derradeira anomalía negativa acadada en 2007, no que choveu un 94 % inferior ao normal.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en outubro, respecto ó período 1981-2010.

7 VENTO

Neste mes de outubro non houbo ningunha estación que rexistrase valores de refacho máximo de vento por riba dos 100 km/h, se ben nas xornadas do 22 e 23, en moitas localidades superáronse os 80 km/h, considerados ventos moi fortes segundo a escala Beaufort.

Como se pode observar nas táboas 10, 11, 12 e 13, a porcentaxe de calmas é moi elevada en practicamente tódalas estacións. Pero máis destacable aínda é a ausencia ou escaso predominio de ventos de compoñente oeste (NO, SO; O), que son tan típicos nesta época do ano.

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Lira	Carnota	99.4	NE	25	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Lira (10135) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Lira (10135) # 10/2016</p>
		Día 23				
Pta. Candieira	Cedeira	94.8	NE	16	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Punta Candieira (10092) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Punta Candieira (10092) # 10/2016</p>
		Día 15				
Malpica	Malpica	75.8	SE	12	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Malpica (10093) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Malpica (10093) # 10/2016</p>
		Día 22				

PROVINCIA DE A CORUÑA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Marco da Curra	Monfero	70.2	SE	7	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Marco da Curra (10046) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Marco da Curra (10046) # 10/2016</p>
		Día 23				

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Outubro de 2016 na provincia de A Coruña.



PROVINCIA DE LUGO						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Burela	Burela	83.8	E	10	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Burela (10116) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Burela (10116) # 10/2016</p>
		Día 23				
Ancares	Cervantes	97.7	S	15	<p>INTENSIDADES PONDEDARAS COA DIRECCIÓN # Ancares (10062) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Ancares (10062) # 10/2016</p>
		Día 23				

Táboa 11: Resumo vento no mes de Outubro de 2016 na provincia de Lugo

PROVINCIA DE OURENSE						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Xurés	Muiños	75.8	SE	15	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Xurés (10110) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Xurés (10110) # 10/2016</p>
		Día 22				
Rodicio	Maceda	71.5	NE	20	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Alto do Rodicio (10057) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Alto do Rodicio (10057) # 10/2016</p>
		Día 22				
Gandarela	Celanova	61.3	SE	45	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Gandarela (10112) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Gandarela (10112) # 10/2016</p>
		Día 23				

Táboa 12: Resumo do vento no mes de Outubro de 2016 na provincia de Ourense.


PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Fornelos	Fornelos de Montes	71.4	S	19	<p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN # Fornelos de Montes (10086) # 10/2016</p>	<p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) # Fornelos de Montes (10086) # 10/2016</p>
		Día 15				

PROVINCIA DE PONTEVEDRA						
Estación	Concello	Refacho máximo (km/h)	Compoñente dominante	% calmas	Rosa dos ventos mensual	Velocidade media mensual (m/s)
		Data				
Ons	Bueu	66.0	NE	14		
		Día 23				

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Outubro de 2016 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual



704 791 878 966

Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de Outubro de 2016.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou 500 raios en Galicia, dos que 135 detectáronse moi poucos raios en dous períodos ben diferenciados na gráfica. Estes raios concentráronse principalmente na provincia de A Coruña, mentres que en Ourense só se detectou un raio. Na figura 15 móstrase a distribución por día dos raios neste mes.




Figura 15: Número de raios rexistrados en Galicia en outubro de 2016.

A continuación móstrase este número de raios distribuído por provincias. Destaca a provincia de A Coruña.




Figura 16: Número de raios rexistrados por provincias en outubro2016.

Na figura 17, pódese ver o total de raios rexistrados en outubro en Galicia dende o ano 2010 ao 2016. Con excepción de 2013, outubro non rexistrou moitos raios dende 2010 ata agora.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en outubro dende 2010 a 2016.